



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Bases reguladoras do Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia nº 2022 /18842, do 21 de abril de 2022, aprobáronse as bases reguladoras do Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte, que se transcriben a continuación:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MEDIDAS URXENTES PARA PALIAR O IMPACTO DO INCREMENTO DO CUSTO DO COMBUSTIBLE E SUBMINISTRACIÓNS NOS SECTORES AGRARIO, GANDEIRO, PESQUEIRO E DO TRANSPORTE _ ANO 2022

| | |
|----------------------------------|---|
| UNIDADE XESTORA | Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición ecolóxica |
| ANUALIDADE | 2022 |
| PROGRAMA | Medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte |
| OBXECTO | Axudas urxentes destinadas aos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte, gravemente afectados pola alza dos combustibles e subministracións, derivada da guerra que está a acontecer en Ucraína. |
| BENEFICIARIOS | Persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, pequenas empresas e microempresas da provincia da Coruña |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | 0520/4141/479 0520/415/479 0520/443/479 |
| IMPORTE DA CONVOCATORIA | 5.000.000,00€ |
| IMPORTE DO ORZAMENTO DE GASTO | |
| IMPORTE DA SUBVENCIÓN A CONCEDER | 3.000,00€ |
| IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR | 3.000,00€ |
| COEFICIENTE DE FINANCIACIÓN | 1 |

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.- BASES XERAIS DIRIXIDAS A ENTIDADES CON ÁNIMO DE LUCRO

Base 1.- Réxime xurídico xeral

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
 - Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
 - Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola.
 - Regulamento (UE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño).
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Base 2.- Tramitación telemática e sinatura de documentación

2.1. Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma SUBTeL).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

2.2.- Sinatura de documentación

A documentación deberá ser asinada, tanto certificacións como declaracións, como se indica:

- No caso das **persoas físicas**, pola persoa autónoma ou ben polo seu representante legal autorizado/a.
- No caso das **persoas xurídicas**, polo/a administrador/a ou representante legal autorizado/a.

Base 3.-Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

3.1. Obxecto da solicitude

O obxecto das solicitudes é obter axudas directas para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e as subministracións, como consecuencia principalmente da guerra en Ucraína, nos sectores gravemente afectados como o agrario, o gandeiro, o pesqueiro e do transporte.

3.2. Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.3.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de axudas iniciarase o día **28 de abril de 2022** ás 09:00 horas, unha vez publicada a convocatoria no BOP a través da remisión da mesma á BDNS e ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado ou en todo caso ata o 28/06/2022 ás 14:00 horas.

3.4.- Documentación a presentar

No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos en data anterior á publicación da convocatoria, así como a documentación pertinente, que se recolle no Anexo 3 Documentación, na parte correspondente á solicitude de concesión.

Base 4.- Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Cumprir con todos os **requisitos** indicados nestas bases e manter a mesma **forma xurídica** da entidade solicitante e a actividade económica durante alomenos tres meses contados a partir da concesión e pago da achega provincial.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que **non** presenta **máis dunha solicitude** por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que solicite outra subvención na presente convocatoria.
- Non estar en incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas **obrigas** coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
- Declarar a **obtención de subvencións ou axudas** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera **modificación** que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada.
- Empregar a subvención outorgada para o **mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Dar o seu consentimento ao **tratamento de datos** de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Faceren constar a **colaboración da Deputación da Coruña** en toda a información (impresa, informática ou audiovisual), así como na súa páxina web.

Na parte específica do programa concrétnanse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.

Esta obriga entenderase tende a data concesión e pagamento da axuda ata polo menos tres meses.

- Someterse ás **actuacións de comprobación e control**, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

- Autorizar á Deputación a consultar os **datos fiscais** relacionados coa súa actividade empresarial.
- Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Base 5.- Procedemento de concesión e pago.

O procedemento de concesión e pago será o establecido nas bases específicas.

Base 6- Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

6.1. Antes da concesión_ desistencia da solicitude

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma Subtel.

6.2. Despois da concesión_ renuncia á subvención

Unha vez concedida e percibida a subvención, as entidades beneficiarias poderán renunciar á mesma por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma Subtel e realizar unha autoliquidación e devolución voluntaria da subvención.

Base 7.- Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de datos nacional de subvencións da información prevista no artigo 20 da Lei 38/2003.

Base 8.- Incumprimentos e sancións.

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso para o outorgamento da subvención.

O/a beneficiario/a poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro.

Base 9.- Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

Base 10.- Outras disposicións

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

2.- BASES ESPECÍFICAS

Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte

Base 1. Liñas xerais

A guerra de Ucraína está a provocar entre outros efectos devastadores, unha subida incesante e sen precedentes do prezo dos carburantes e subministracións, que afecta de forma moi significativa a sectores estratéxicos na provincia da Coruña como son o agrario, gandeiro, pesqueiro e o do transporte.

Este incremento no prezo dos carburantes e subministracións, está a provocar cuantiosas perdas nestes sectores, ameazando directamente á supervivencia de pequenas empresas, microempresas e persoas traballadoras por conta propia de toda a provincia cuxa actividade económica se enmarca especialmente nestes ámbitos.

Así, é vontade do Goberno da Deputación da Coruña artellar este programa de axudas, ante a urxente necesidade de tomar medidas que contribúan a aliviar a grave situación que ditos sectores están a atravesar.

O programa que conta cun orzamento inicial de 5 millóns de euros, quere contribuír a paliar o impacto que o incremento do custo do combustible como consecuencia da guerra está a producir nestes sectores, claves no desenvolvemento socioeconómico da provincia e como xeradores de emprego.

Base 2.- Financiamento

Os custos derivados do presente programa financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2022 nas aplicacións orzamentarias que se indican a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|-------------------------|----------------|
| 0520/4141/479 | 1.500.000,00 € |
| 0520/415/479 | 1.000.000,00 € |
| 0520/443/479 | 2.500.000,00 € |

Esta contía queda condicionada á aprobación definitiva do Expediente de Modificación de Créditos nº 2/2022.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 3.- Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de axudas urxentes destinadas aos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte, gravemente afectados pola alza dos combustibles e subministracións, derivada principalmente da guerra en Ucraína.

A **finalidade** destas axudas é contribuír a paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións, que afecta de forma moi significativa aos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e o do transporte na provincia da Coruña.

Base 4.- Destinatarios/as e requisitos

Estas axudas van dirixidas ás persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, pequenas empresas e microempresas calquera que sexa a súa forma xurídica, que figuren dadas de alta **con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022**, no censo de actividades económicas en calquera dos sectores de actividade relacionados no Anexo 4, e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.
- Estar dadas de alta nalgún dos sectores de actividade conforme ao indicado no Anexo 4, segundo figure no seu Certificado de Situación Censual actualizado.
- Estar dada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso de persoas físicas.
- Non atoparse incursas en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa e pequena empresa, atenderase ao indicado no artigo 2 do Anexo 1 do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal:

2. Na categoría das PEME, defínese **pequena empresa** como unha empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

3. Na categoría das PEME, defínese **microempresa** como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Base 5.- Exclusiones

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confrarías...)

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

Base 6.- Contías e compatibilidade

O importe a recibir terá unha contía fixa de 3.000 euros por beneficiario/a que cumpra os requisitos, ata esgotar o crédito dispoñible.

Este programa é compatible con calquera outro programa ou axuda concedida por entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que o importe total das axudas percibidas polos mesmos conceptos non supere o custo total dos gastos subvencionados.

Base 7.- Concesión e pago

A concesión, recoñecemento da obriga e orde de pagamento a prol das persoas beneficiarias do programa realizárase nun único acto administrativo, mediante resolución da Presidencia da Deputación, previa comprobación pola unidade xestora da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado.

Deste xeito, o procedemento de concesión establecido para este programa non ten a consideración de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

A concesión realizarase pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas bases ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado ou en todo caso ata o 28/06/2022 ás 14:00 horas.

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia referida a súa solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento á persoa solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, terásele por desistido da súa solicitude.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de concorrencia non competitiva, a concesión resolverase por orde de rexistro de entrada das solicitudes completas presentadas. Naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido.

A resolución de concesión e pago comprenderá a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e as obrigas que lle correspondan por tal condición.

A resolución de concesión e pago emitirase atendendo á documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos presentada na solicitude, así como ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no propio formulario da mesma, subscripta pola persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta que os requisitos para ser persoa beneficiaria deben cumprirse con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 e que os compromisos asumidos pola persoa beneficiaria se recollen na Base 4ª das bases xerais, non é necesaria a aceptación expresa ou tácita da resolución regulada no artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ao terse aceptado coa presentación da solicitude.

No suposto, de ser o caso, de esgotamento do crédito, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da Presidencia publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas no Boletín Oficial da Provincia co texto íntegro da resolución denegatoria por esgotamento de crédito, con indicación de que esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo

ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, de acordo co disposto no artigo 52.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local.

A resolución de concesión e pago notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da referida Lei 39/2015.

Base 8.- Publicidade

A publicidade do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Faceren constar colaboración da Deputación en toda a **información** (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisuais).
- Faceren constar a colaboración co logotipo da Deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir esta. O logotipo está dipoñible no seguinte enderezo:

<https://www.dacoruna.gal/documentación/logos/logotipos>

Esta obriga entenderase dende a data concesión e pagamento da axuda ata polo menos tres meses.

3.-ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE

DECLARACIÓN E COMPROMISOS (dispoñibles en Subtel e que requiren aceptación expresa do/a solicitante)

- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante é coñecedora de que a Resolución de concesión emitírase atendendo ás manifestacións contidas na declaración responsable onde se declara que se cumpre cos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Declaro que son unha persoa traballadora por conta propia ou autónoma, pequena empresa ou microempresa.
- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante non se atopa incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaro que non presento máis dunha solicitude por entidade, persoa física (autónomo/a) ou entidade vinculada. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física declaro que non formo parte dunha sociedade que solicite outra subvención na presente convocatoria.
- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante non está afectada polos límites establecidos no réxime de "minimis" ao que se acollen estas axudas.
- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas recollidos nestas bases no caso de ser beneficiaria da subvención e a manter a súa actividade económica polo menos durante un prazo de tres meses dende a concesión e pago da achega provincial.
- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante acepta a subvención que se lle poida conceder.
- Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante comprométese a comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática Subtel calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada.
- Comprométome a realizar un gasto por un importe superior a 3.000,00€, sen ter en conta o IVE deducible, no período comprendido entre o 01/01/2022 ao 30/06/2022, nalgún dos conceptos contables seguintes:
 - 601 Compras de materias primas (en concepto de combustible)
 - 602 Compras de outros aprovisionamentos (en concepto de piensos, cereais e forraxes)
 - 628 Subministracións (en concepto de enerxía eléctrica)
- Comprométome a destinar a subvención para o fin concreto para o cal foi concedida, de paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións, derivado da guerra que está a acontecer en Ucraína.
- Dou o meu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Autorizo á Deputación a consultar os datos fiscais relacionados coa miña actividade empresarial.
- Autorizo á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña.

Observación:

Nesta convocatoria de axudas o concepto de **persoa xurídica** inclúe exclusivamente a **pequenas empresas** (aquelas que ocupan a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros), e a **microempresas** (aquelas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros).

DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE (no momento da solicitude os solicitantes deberán subir á plataforma Subtel a seguinte documentación)

- **Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria** actualizado.
- No caso de ser **PERSOA FÍSICA**: **Certificado de Vida Laboral do/a autónomo/a** actualizado onde conste a data de alta no RETA.
- No caso de persoas xurídicas e/ou físicas con representante: **Documento ou sinatura dixital que acredite a representación**, agás no caso de que o representante figure como tal no Certificado de Situación Censula da Axencia Estatal Tributaria actualizado, no que se presumirá vixente a dita representación.
- **Información de datos bancarios:**
 - a) **Persoas físicas que actúen no seu propio nome:** designación de conta bancaria (código IBAN ou CCC)
 - b) **Persoas físicas que actúen a través de representante ou persoas xurídicas:** certificación bancaria ou documento de banca electrónica que conteña a seguinte información:
 - Nome ou razón social
 - CIF/ NIF
 - Identificación da conta bancaria (código IBAN/CCC)

4.- ANEXO_ACTIVIDADES ÁS QUE SE DIRIXEN AS AXUDAS

| SECTORES AGRARIO, GANDEIRO, PESQUEIRO E DO TRANSPORTE | | | | | |
|--|---|---------|----------|------------|------------------|
| SECTOR | ACTIVIDADE | SECCIÓN | DIVISIÓN | AGRUPACIÓN | GRUPOS EPÍGRAFES |
| SERVIZOS AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E PESQUEIROS* | EMPRESARIAL | 1 | 0 | 01- 07 | 011 - 071 |
| | EMPRESARIAL | 1 | 9 | 91 | 911 e 912* |
| | PROFESIONAL | 2 | 0 | 09 | 099 |
| | <i>*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que consonte o artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos ao feito imponible desde imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B05 Pesqueira</i> | | | | |
| TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA | EMPRESARIAL | 1 | 7 | 72 e 75 | 722 e 751.6 |
| | PROFESIONAL | 2 | 6 | 61 e 69 | 612 e 699 |

*[912] Neste epígrafe únicamente serán subvencionables os servizos relacionados coa pesca

A Coruña, 21 de abril de 2022

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

Amparo Taboada Gil

2022/2152